



# DESCUBRINDO O CAMIÑO DE INVERNO

Guía activa para o público infantil e xuvenil

Cada sitio  
ten un camiño  
que non vai  
máis alá.

Uxio Novoneyra

Ola! son IAGO, un peregrino de doce anos recién cumpridos.

Xuntos percorrерemos o Camiño de Inverno cara Santiago de Compostela. Agárdannos NOVE etapas ata alcanzar a nosa meta na praza de Praterías.

Son curioso dende ben cativo, por iso pregunto moito e miro con atención todo o que me rodea. Preparei esta guía para ti, para descurbir con ela a historia dos lugares polos que atravesamos o camiño.

A historia non é aburrida, senón todo o contrario! Ao longo das etapas verás varios RETOS que sinalo cun RAIO amarelo. Debes realizalos se queres que che conceda o título de expert@ do camiño!

Tamén atoparás INFORMACIÓN de interese, indicada cun "i".


Ao final da guía terás un GLOSARIO de termos onde recollo as palabras raras ou especializadas que emprego ao longo do percorrido.

Veña, COMEZAMOS!




## ETAPA 1 (35 km)

### Ponferrada - Puente de Domingo Flórez



Iniciamos a nosa andaina polo Camiño de Inverno. Fai os estiramientos oportunos e **ADIANTE!**

Esta primeira etapa comeza en Ponferrada, ao longo dela descubriremos lugares fascinantes, poboacións cheas de encanto e castelos.



As **PROBAS** que teño preparadas para ti localízanse:

-Na rúa Real de Priaranza del Bierzo.

-No interior do castelo de Cornatel.

-E na contorna de Las Médulas, nas inmediacións de "La Cueva".

## → PRIARANZA DEL BIERZO

Neste fermoso lugar faremos a primeira parada da etapa. Priaranza del Bierzo, ademais de vila, é un concello integrado por entidades locais menores polas que transcorre o camiño (Villalibre, Santalla, Villavieja...).



Priaranza conta cun entramado de rúas empedradas, como a **CALLE REAL**, que coincide coa nosa ruta a Compostela.

As vivendas presentan dúas alturas con balcóns de madeira no primeiro andar. Tamén, atopamos algunha casa con galería.



Abre ben os ollos para identificar os elementos que aparecen nas seguintes imaxes. Todos eles poderalos atopar na Calle Real.



As vivendas e alpendres de Priaranza del Bierzo foron feitos con materiais da zona: adobe, madeira e seixo.



Observa os bloques de **ADOBE** de preto. Trátase de arxila secada ao sol mesturada con palla, esta última dalle maior consistencia ao bloque.

Pola contra, o **SEIXO** é extraído directamente do río. A pedra ten forma redondeada, froito da erosión feita pola auga.



Poñemos fin á vila de Priaranza ao cruzar o regato do Val, que descende do monte Recunco. Aquí tamén está o límite das propiedades do Palacio do marqués de Zabaltegui, situado no alto dun castro.

# → CASTELO DE CORNATEL

O castelo aséntase sobre un afloramento rochoso con barrancos ao leste e norte que acadan os 180 metros.




É probable que en orixe fose lugar de residencia dun destacamento militar romano, que controlaría as explotacións auríferas ("aurum": ouro) da zona. Trala marcha dos romanos erixiuse un "CASTELLUM". Ao longo do tempo tivo moitos propietarios, entre eles os cabaleiros **TEMPLARIOS** e os condes de Lemos.



Recoñecerías un cabaleiro templario? Na visita a Cornatel atoparás exposto o seu traxe. De que cor é? Cal é o seu símbolo?



A muralla de Cornatel remata en **ALMEAS**. Son estruturas que coroa a fortaleza e serven para resgardarse dos atacantes.



Tamén conta cun **PASEO DE RONDA**, un corredor que rodea interiormente todo o perímetro da muralla, e cunha **TORRE DA HOMENAXE**.



Explora a ronda da muralla e identifica os diferentes accesos. Un deles é un **PORTELO**, composto por unha fiada de chanzos de pedra encaixados no muro.



As **TRONEIRAS** son as aberturas situadas nos muros exteriores do castelo. Son moi estreitas polo seu carácter **DEFENSIVO**. Dende elas disparaban ao inimigo, pois teñen o oco necesario para que colla unha arma. E, ao mesmo tempo, protexían as persoas que se atopaban no interior.



Explora o castelo e identifica os **PARLADOIROS**, asentos de pedra situados aos dous lados dunha ventá.

## → LAS MÉDULAS

Nesta peculiar paisaxe atopamos a maior mina a ceo aberto de todo o Imperio Romano.  
O lugar foi declarado Patrimonio da Humanidade pola UNESCO no ano 1997.



Estas montañas vermellas son o resultado das explotacións auríferas dos romanos.  
Para extraer o ouro empregaron o sistema **RUINA MONTIUM**. Mediante a canalización dos regatos e ríos creaban embalses na parte alta da explotación para, coa forza da auga, desfacer a montaña. Así, a auga arrastraba a terra co ouro ata os lavadoiros.



Na contorna de Las Médulas hai unha aula arqueolóxica. É un espazo didáctico con paneis interactivos sobre a minería e os asentamentos romanos.

Para coñecer de preto o lugar, debemos achegarnos ás galerías de La **CUEVONA** e La **ENCANTADA**. Atoparás o desvío no centro da vila.



Colócate diante de La Cuevaona. As súas dimensións son colosais!  
Imaxina a cantidade de auga necesaria para facer este burato.  
Explora as paredes con atención e identifica as numerosas liñas feitas pola auga.



As minas explotáronse durante 250 anos. Delas extraéronse máis de 1.500 toneladas de ouro, preto do 20% do total co que contaba o Imperio Romano.



As árbores que nos rodean no percorrido de regreso á vila son **CASTINEIROS**. O seu diámetro axúdanos a saber os seus anos. Así a ollo, cantos anos calculas que teñen os máis grosos?


## ETAPA 2 (28,5 km)

### Puente de Domingo Flórez - ARúa



Continuamos coa segunda etapa, a estas alturas aínda estamos frescos e libres de MANIOTAS.

Hoxe mudaremos de comunidade autónoma, entraremos en Galicia pola provincia de Ourense.



Os RETOS que deseñei para ti están:

-Na contorna da ponte de Sobradelo.

-Na vila de Éntoma.

-E na parada final da Rúa, xusto antes de tomarnos o merecido descanso.



# → SOBRADELO

Nesta vila bañada polo río Sil sitúase a capital do concello de Carballeda de Valdeorras.  
Aquí deixamos atrás a comunidade de Castela e León, para adentrarnos en Galicia.



Dende o tempo dos romanos a **VIA NOVA** do Itinerario de Antonino, unía as comarcas de Valdeorras e o Bierzo.

A primeira ponte de Sobradelo (de orixe romano) situábase a 2 km río arriba.

Nos séculos XVI-XVII substituíuse pola actual **PONTE NOVA**.



Achégate aos piares da ponte e identifica cantos tipos de pedra foron empregados na súa construción. Entre elas descubrirás unha moi peculiar de cor **VERMELLA**.



O **ARCO** central destruíuse no ano 1809, durante a Guerra da Independencia, para cortarlle o paso ás tropas francesas. Reconstruíuse con granito a finais do século XIX.



Continúa explorando a ponte. Augas arriba conserva os **TALLAMARES**, elementos en forma de quilla colocados nos piares, que serven para cortar e repartir a corrente da auga aos lados.  
Cantos tallamares hai na ponte de Sobradelo?



O lugar de Sobradelo aséntase sobre un gran afloramento de lousa, que o río Sil, ao seu paso, foi erosionando co tempo.



Mira ao teu redor e sinala en que elementos construtivos empregaron **LOUSA**.

## → ÉNTOMA

Éntoma é unha pequena poboación atravesada polo río Galir, afluente do Sil. De novo precisamos dunha ponte para continuar coa nosa ruta. Neste punto o Camiño de Inverno transita polo antigo trazado dun CAMIÑO REAL.



Por Éntoma transcorría unha vía romana secundaria ligada ás explotacións auríferas da comarca.

APONTE é o elemento construtivo máis característico deste lugar.

Foi construída no século XVII e ten un único arco.

Trala súa rehabilitación no ano 2016 dotouse con novos muros de lousa.



Hai dous SÍMBOLOS moi importantes para os peregrinos, cuxa función é a de guialos cara Santiago. Sabes cales son? Localízaos en Éntoma.



No centro da vila sitúase a igrexa de San Xoán. A súa fachada foi feita con pedra vermella do país e coróase por unha ESPADANA (campanario dunha soa parede) de feitura barroca. Sobre a porta lateral colocouse a cruz da ORDE DE SAN XOAN de Xerusalén, que tamén figura no escudo do Concello.



Como andamos de vista? A igrexa presenta unha INSCRICION cunha data. Cal é? Sobre ela dispónse unha cruz. Sabes de que tipo de cruz se trata?

# → ARÚA DE VALDEORRAS

Entre os concellos da Rúa e Petín está o Forum Gigurum, a actual ponte da Cigarrosa. Aquí é onde se atopaba o poboado castrexo dos CIGURRIS ou GIGURRIS que, a partir do século I, muda a asentamento romano.



A maioría dos templos galegos eríxense sobre outros máis antigos. É o caso da igrexa de Santo Estevo da Rúa. Orixinaria do século XII, presenta varias reformas, sendo a máis destacada a do XVII.



No muro da igrexa gravouse a data 1696. Bule e atópaa!

O patrón é Santo Estevo, quen preside a fachada. A súa figura só conserva unha man, pois a outra rompeu. Podes identificar que obxectos suxeita?



Repara no soportal situado no ADRO, fronte á porta lateral do templo. Cantos tipos de columnas recoñeces? Todas posúen un CAPITEL (parte superior da columna) diferente. Busca neles unha flor e un rostro.



Chegou ata os nosos días unha PLACA FUNERARIA de mármore atopada na Cigarrosa. Hoxe móstrase no adro da igrexa. Data dos séculos II ou III. Nela nárrase a vida do defunto Lucio Pompeyo Reburro Fabro, membro da garda pretoriana.



O pasado da vila apréciase nas vivendas, nos seus materiais e adornos.

Abre ben os ollos!


Busca os ESCUDOS DE ARMAS ao carón do camiño.

Neles exhibense os apelidos dos donos da casa.



## ETAPA 3 (28 km)

### A Rúa - Quiroga



Seguimos a nosa andaina cara Compostela. Agora as forzas non poden fraquear, que aínda queda moito percorrido!

Ao longo desta etapa decataramonos da importancia que tiveron os cabaleiros medievais na historia.



Creei varios **DESAFIOS** para ti. Esta vez en catro lugares diferentes:

-No adro da igrexa de Montefurado.

-Na contorna do muíño de aceite de Bendilló.

-No alto do castelo dos Novais.

-E no lugar do Hospital, xusto un pouco antes de rematar en Quiroga.

# → MONTEFURADO

Chegamos á provincia de Lugo, en concreto ao concello de Quiroga. Montefurado está situada nun lugar excepcional, encaixado entre as dúas maiores serras de Galicia, o Macizo Central ourensán e a Serra do Courel.



Na parte alta da vila atoparás a igrexa. Foi construída no século XVIII con pedras do país: vermella e lousa.

Estás en territorio galego, pero o aspecto do templo é castelán. Isto débese á súa proximidade coa comunidade veciña.

Na fachada hai unha gran **TORRE** campanario de planta cadrada. Este elemento tampouco é moi galego, pois somos máis de **ESPADANA** que de torre.



No muro do cemiterio atoparás unha pedra vermella decorada.

É un escudo con **HELMO** (armadura para protexer a cabeza) e unha **CRUZ FLORDELISADA**, cuxos extremos rematan en forma de flor de lis.



Se miras ao teu redor observarás máis cruces. Recoñeces de que tipo son? Cantas contaches?



Sigue explorando a igrexa e observarás unha pedra de cor clara e forma cadrada.

É un **RELOXO DE SOL**. Conserva o gnomon (guía) e os números gravados.

Fixate ben! os números non se dispoñen do mesmo xeito que nun reloxo actual, pois este sinala a hora a través da sombra do **GNOMON** sobre a pedra.



O topónimo de Montefurado provén do burato de 120 metros de longo (hoxe conserva 52 metros) que fixeron os romanos para secar o leito do río Sil. Desviando o seu caudal por esta nova vía, recollían o **OURO** con moita facilidade.



## → BENDILLÓ

Compre facer unha pequena parada ao carón da capela de San Xoán das Farrapas e o muíño de aceite de Bendilló.  
O concello de Quiroga conta cunha longa tradición do aproveitamento do aceite, que se reflicte na súa paisaxe.



Neste conxunto descubrimos dúas construcións realizadas con LOUSA, material propio da zona.

O MUÍÑO de aceite restaurouse no ano 1993 polo concello. Porén, non coñecemos a súa data de construción.

No seu interior atópase a pía para moer, a viga para prensar e os decantadores.



As oliveiras NON son árbores AUTÓCTONAS (propias do lugar). Con todo, a climatoloxía suave ao carón do Sil favorece o seu cultivo.

Foron os romanos os encargados de introducir esta árbore na nosa terra.

Recoñecerías unha oliveira? Como son as súas follas?

É un decantador de aceite (recipiente para separar o pouso do líquido)?

Cal é a súa forma?



Se observas ao redor do muíño non descubrirás regatos nin ríos.

Logo, con que se move a PIADE MOER? É esta xira mediante un espigo de ferro metido na parte superior dunha trabe de madeira.

A forza para mover a dita pía é realizada por un burro ou mula que dá voltas e voltas ao redor do elemento.



Falamos moito das oliveiras, pero preto do río Sil existen outras especies propias do clima mediterráneo.

Recoñecíches algunha? Cal é o seu nome?



Preto do muíño atópase a capela de San Xoán das Farrapas. Aquí, os camiñantes queimaban a súa roupa vella para previr infeccións.

## → OS NOVAIS

Chegamos ao lugar do Castelo, topónimo que nos anuncia a presenza dunha torre-fortaleza a 316 metros de altura.

Aos pés da elevación discorre o río do Castelo das Eiras, afluente do Sil.



A fortaleza organízase mediante dúas construcións: a **TORRE** e o **PALACIO**.

A torre sitúase na parte alta.

É o edificio máis antigo do conxunto histórico.

A súa construción iniciouse no século X.

En planta cadrada con muros grosos e poucos ocos, dado os seu carácter **DEFENSIVO**.



Os castelos, ao igual que os castros, situábanse nos cumes para **VIXIAR** e controlar a quen se achegase aos seus lindes.

Sube ao alto da torre e busca unha peculiar ventá con dobre arco feito con pedra vermella. Dende alí gozarás dunha vista panorámica da contorna.



Sabías que este castelo conta con lenda propia! Séntate nun dos **PARLADOIROS** para recitar en alto a súa **LENDA**:

"O señor do castelo dos Novais tiña unha filla moi fermosa de cabelo loiro. Esta mantiña unha relación amorosa cun rapaz do outro lado do río, ao que vía todas as noites empregando un pasadizo que unía o castelo coa outra ladeira do Sil. Cando o nobre se enterou desta relación decidiu pechar as dúas bocas do pasadizo, no xusto momento no que os dous namorados se atoparan dentro del. Así, a parella quedou enterrada no seu interior ata o día de hoxe. Segundo as xentes do lugar, as pebidas de ouro que aparecen no Sil son, en realidade, os cabelos da doncela. Tamén din que, algúns días, cando todo está en silencio, aínda se poden escoitar os lamentos dos dous namorados atrapados baixo Os Novais."



Localiza a **CRUZ DE MALTA**. Lembra que é o símbolo dos cabaleiros hospitalarios de San Xoán de Xerusalén dende o ano 1530.



## → O HOSPITAL

O lugar do Hospital agocha un dos conxuntos histórico-artísticos máis importantes da comarca.

O seu topónimo lembra a existencia dun hospital medieval que atendía a pobres e peregrinos.



Estamos ante outro lugar vinculado á **ORDE DE SAN XOAN** de Xerusalén.

Esta orde relixiosa ten a súa orixe no ano 1084, cando fundan o primeiro hospital de peregrinos, dedicado a San Xoán, xunto á igrexa do Santo Sepulcro en Xerusalén.

No ano 1215 todas as terras de Quiroga estaban baixo o dominio do castelo de Novais e a xurisdicción da Orde de Xerusalén.



Este hospital abriu a súas portas a finais do século XIII. E, co tempo, quedou ligado á nobre familia dos Quiroga.

Sabías que os contrafortes son elementos estruturais que axudan a soste os muros e, neste caso, a **BOVEDA** que cobre o interior da capela.



Estás ao carón dunha igrexa románica moi transformada polos séculos. Oriéntate cara o Leste e identifica a capela medieval dos **NEOFITOS**. Neste lugar ordenábanse os novos cabaleiros da Orde.



Na contorna da igrexa atopamos a Casa de Carballedo e a Casa Torre. Ambas con escudos de armas do século XVI das familias nobres da zona.



Agora poremos a proba a túa memoria. Compara os tres escudos de armas. Cantas figuras aparecen repetidas? Que representan? Incluso verás unha serea!





## ETAPA 4 (33 km)

### Quiroga - Monforte



Xa estamos na cuarta etapa do camiño, prepárate para descubrir os concellos de Quiroga, Ribas de Sil, Pobra de Brollón e Monforte. Camiñaremos pola Ribeira Sacra, famosa polos seus viños e mosteiros. Comezamos?

Desta volta ideei varios **RETOS** nos seguintes lugares:

-Na igrexa e na ponte de ferro de San Clodio de Ribas de Sil.

-Na ponte de Barxa de Lor e na súa contorna.

-No castro de San Lourenzo na Cereixa.

-E no barrio de Río Seco e na zona vella de Monforte de Lemos.



## → SAN CLODIO

San Clodio é a capital do concello de Ribas de Sil. Xorde, como o seu topónimo indica, á beira do río Sil.

A serra da Moá, cuxo cumio alcanza os 1.124 metros de altura, fai de delimitador coa provincia de Ourense.



Aquí fundouse un **MOSTEIRO** que deu orixe á actual poboación.

Moi preto do centro da vila está a igrexa parroquial.

Conserva unha cabeceira de estilo **ROMANICO**, feita a finais do século XII-principios do XIII.



Non todos os elementos desta cabeceira foron feitos con pedra vermella. Busca as pezas de granito. Onde se dispoñen? Con que tipo de motivos se decoran?



Á saída agárdanos a **PONTE DE FERRO**.

Foi rematada no ano 1883 seguindo as directrices do enxeñeiro Pelayo Mancebo.

Conta con dous piares de pedra granítica que sosteñen dúas estruturas metálicas. Para edificalos foi necesario descender 10 metros por baixo da canle do río.




Así a ollo... Cantos metros calculas que teñen cada unha das estruturas de ferro desta ponte?  
(Un consello: desvíate do camiño para ver con perspectiva a construción).



Tras deixar atrás a ponte, camiñaremos paralelos ao Sil. Observa con atención as acumulacións de pedra á beira do río.

Son **SEIXOS**, con eles fabricáronse machadas durante a **PREHISTORIA**.



## → BARXA DE LOR

Barxa de Lor pertence ao concello da Pobra de Brollón, comarca de Terra de Lemos.

Deixamos atrás ao río Sil para adentrarnos nas ribeiras do seu afluente, o Lor.



O topónimo Barxa deriva de **VARCIA**, terreo fértil situado nas marxes dun río e que se anega con frecuencia.

A **PONTE** é de orixe romana, por ela discorria unha vía secundaria, que procedía de Belesar e Monforte para enlazar con Quiroga e Valdeorras.

Foi transformada a mediados do século XVI.



Colócate sobre a ponte e observa con detalle o seu pavimento.  
Con que tipo de material está feito?  
E con que elemento diferenciador organizan o seu tránsito?



O río Lor ten 54 quilómetros de lonxitude. Nace en Fonlor (Pedrafita do Cebreiro), atravesa a serra do Courel e, finalmente, desemboca no Sil.

Os seus afluentes máis importantes son os ríos Lóuzara e Pequeno.

A súa contorna conta cunha rica **FAUNA**: peixes (troitas e anguías), anfibios (tritón palmado, ra ibérica), réptiles (lagarto verdinegro) e mamíferos (lontra).



Á dereita da ponte hai un **MUÍÑO** de dous andares, actualmente en desuso. Estes construíanse ao carón dos ríos para aproveitar a forza da auga e mover, así, a roda que fai andar a peza de moer.



Explora a contorna do muíño e localiza a **CANLE** que dirixe a auga do río á roda.

Observando o seu muro, saberías cantas rodas tiña en funcionamento este muíño?



## → CEREIXA

Deixamos atrás a capital do concello para adentrarnos en Cereixa. Aquí, no lugar de Nogueiras, localízase o Castro de Alende ou de San Lourenzo.



O CASTRO foi habitado por primeira vez coa ocupación romana, entre os séculos I e II da nosa era.

O poboado estaba fortificado e dotado de foso. Nel residían os traballadores das explotacións de ouro e ferro da bisbarra.



Atrévete e coroa a CROA (recinto máis elevado e central do castro). A medida que avances polo sendeiro busca o FOSO (escavación artificial que rodea o castro).

E, cando ascendas á cima, localiza os restos da MURALLA defensiva que percorría todo o perímetro.



Na Idade Media construíuse na croa unha ermida dedicada a San Lourenzo. Foi rehabilitada no ano 1876 e, finalmente, abandonada.

A finais dos anos 60 e comezos dos 70 do século XX, unha explotación de grava e area afectou a unha parte do xacemento.



Durante o Medievo realizáronse numerosas TUMBAS para dar cabida aos defuntos do lugar.

Son todas iguais ou atopas moitas diferenzas entre elas?  
Recoñeces os materiais empregados na súa realización?



Nas diversas campañas arqueolóxicas descubríronse ESQUELETOS e ósos de persoas enterradas neste espazo. A acidez do solo de Galicia fai que a conservación dos ósos baixo terra sexa complicada; por iso, co paso dos séculos, poucos restos chegan a nós.



# → MONFORTE DE LEMOS

Adentrámonos en Monforte polo barrio de Río Seco, situado ao carón do afluente que lle concede o nome.

Aquí, entre as construcións modernas, aínda se conservan varias casas feitas á maneira tradicional con pedra, madeira e barro.



En Río Seco verás nas paredes unha antiga técnica construtiva chamada "técnica de **ENTRAMADOS**". É típica de Monforte.

Trátase de ramas entrelazadas que logo se cobren con terra ou barro.



Explora o barrio e descubre tres pedras con inscrición. Axúdate co dedo para recoñecer as letras.



O **REGADÍO** de Lemos é a obra hidráulica deste tipo máis importante de Galicia. Conta con 230 km de canles principais e abastece a trinta e unha parroquias.



Se te adentras na **ZONA VELLA** de Monforte pola praza de España, explorarás un barrio cheo de historia.

Fíxate no nome das rúas, cada unha vai asociada aos antigos oficios desa zona. Nunha delas tes que atopar a **CASADO PESO**. Alí situábase unha das casas do peso do concello para o control de mercadorías. Contaban con balanzas, pesos, etc.



Monforte conta cunha **MURALLA** medieval que tiña tres portas de entrada. Hoxe dúas atópanse en pé, mentres que a terceira derrubouse.



Es list@ como un allo! Seguro que logo atopas o vello cárcere de Monforte. (Pista: as súas fiestras son moi robustas).

## ETAPA 5 (31,6 km)

### Monforte - Chantada

Monforte

Chantada



O Reguengo -  
Camiño Grande

Diomondi

Belesar



A quinta etapa do noso camiño atravesa os concellos de Pantón, O Saviñao e Chantada. Ascenderás ata os 600 metros de altura e cruzarás o afamado río Miño. A nosa meta está na vila de Chantada e antes de chegar alí agárdanos unha xornada moi entretida! Estás preparad@?


Poñerei a **PROBA** os teus coñecementos nas seguintes paradas do camiño:

-En Pantón, no sendeiro que comunica Virís con Camiño Grande.

-Na igrexa de Diomondi e na baixada ao río polo Camiño dos Cóbados.

-Na vila de Belesar.

-Na igrexa de San Salvador e na praza do Cantón na vila Chantada.



## → O REGUENGO-CAMIÑO GRANDE

Esta parte do camiño atravesa bosques de carballos e castiñeiros. Descubriremos xuntos a diversidade da flora que o rodea.



O PAZO do Reguengo é a construción máis senlleira do lugar. A casa orixinal realizouse no século XV, pero as reformas do século XVIII alteraron a súa traza primitiva.

Ao carón da vivenda atópase un POMBAL, empregado para a cría de pombas coas cales alimentarse e, ao mesmo tempo, obter abono dos seus excrementos.



Chegamos a Virís, explora o espeso bosque e atopa as plantas que enumeramos a continuación:

FENTO (esta planta xa existía fai 425 millóns de anos), FENTO DE MURO (medra nos valados), LIQUE BRANCO (serve de alimento para os cervos) e MUSGO (nace mirando ao Norte).



En Camiño Grande mudamos de concello, deixamos Pantón e chegamos ao Saviñao.

O topónimo CAMIÑO GRANDE coincide co trazado dunha antiga vía romana. O dito camiño foi empregado no Medievo como ruta comercial.



UMBILICUS RUPESTRIS é coñecida con múltiples nomes: chapeu de parede, embigo de vénus etc. A planta empregábase como un apósito adhesivo. Tras retirar a película exterior dela, era colocada sobre as feridas e así cicatrizaban rapidamente.

Retira esa película exterior e intenta pegala na túa man.



## DIOMONDI

Estás ante unha igrexa románica do século XII, construída ao carón dun mosteiro bieito, hoxe desaparecido. Tamén conta cun PALACIO episcopal, adosado ao norte do templo.



Son moitos os animais que aparecen representados nesta igrexa, incluso algúns son seres FANTÁSTICOS!  
Serías capaz de atopalos?



Ollo! Na cabeceira da igrexa atoparás unha pedra reutilizada. Trátase dun taboleiro de xogo chamado ALQUERQUE.  
Seguro que os canteiros xogaron moitas partidas antes de colocalo no muro.



Descende cara o río Miño polo CAMIÑO DOS CÓBADOS, unha antiga vía de orixe romana. O seu trazado en zig-zag, a modo de cóbados, axuda a salvar a pronunciada pendente da ribeira.



Este camiño empedrado está cheo de sorpresas!  
Na marxe esquerda a espesura do bosque oculta o Castro da Portela, datado na Idade de Ferro.



Un pouco máis abaixo, á dereita, veremos o PENEDO DO OURO, unha gran rocha trala que se agochaban os vándalos da zona para roubar a quen pasase polo camiño.  
T es que atopala, pero tranquilo que xa non hai ladróns á vista!!!



# → BELESAR


A vila de Belesar atópase ao carón do río Miño e está rodeada de viñedos. Aquí o Miño é un delimitador xeográfico e administrativo, que separa a comarca de Chantada da comarca de Terra de Lemos. Así, as vivendas dunha beira son do Saviñao e as de en fronte de Chantada.



A varios quilómetros río abaixo atópase a **PRESA** dos Peares. A dita construción provocou o aumento do caudal do río, anegando algunhas casas e, incluso, causando a demolición da antiga ponte.



Os materiais empregados na construción das vivendas son moitos e variados. Agora debes analizar ben cada casa para atopar os seguintes elementos e deseños.



Olo! Ao cruzar a ponte verás un **PETO DE ÁNIMAS**.

É unha caixa de pedra cun peto onde os camiñantes introducían as esmolas. Moitos están dedicados ás ánimas do purgatorio. Mediante a esmola, conseguíase a salvación das **ALMAS** do purgatorio, para que estas alcanzaran o ceo. Unha vez liberadas velarían tamén polo doante.



A esquerda da ponte, localiza unha escaleira de pedra que conduce ao río. Estarás vendo o antigo acceso á igrexa de Belesar, tamén asolagada polo río nos anos 50 do século XX. Hoxe está reconstruída na parte alta do lugar e lonxe da auga!

## → CHANTADA

Chantada aséntase ao carón do río Asma, afluente do Miño. Nestas terras erguéronse varias FORTALEZAS, hoxe desaparecidas. Unha delas na propia vila, xa documentada no ano 1547, cuxo propietario era o marqués de Astorga.



Antes de chegar á vila, á túa esquerda, observarás a IGREXA románica de San Salvador. Ao seu carón está o antigo mosteiro bieito. Achégate a explorala!



A igrexa construíuse sobre outra máis antiga do século X. Algúns dos seus elementos foron reutilizados.

Identifica o motivo con forma de ESPIGA. Que función pensas que tiña antes da súa reutilización?

Nesta igrexa tamén nos acompañan animais mitolóxicos. Cantos GRIFÓNS (seres con corpo de león e cabeza de aguiá) recoñeces?



Tras cruzar a ponte, ascendemos por unha rúa empedrada coas tradicionais vivendas con soportais, elementos que protexen aos camiñantes da choiva. A dereita sitúase a PRAZADO CANTÓN e a igrexa vella. Será aquí onde realizaremos o seguinte reto!



Abre ben os ollos, pois na contorna desta praza terás que localizar os seguintes elementos:



Agora busca a CASA DE LEMOS. Esta antiga construción foi rehabilitada polo arquitecto Manuel Gallego Jorreto. Conta cun gran número de columnas de formas e tamaños diversos. Cantas contaches?

## ETAPA 6 (26 km)

### Chantada - Rodeiro

Chantada

Rodeiro

Penasillás -  
O Faro

O Faro -  
Camba



Hoxe a etapa vai de montaña. Imos ascender dende Chantada á cima do Monte Faro, límite coa provincia de Pontevedra e concello de Rodeiro. Con todo, a media altura tomaremos un respiro no particular lugar de Penasillás.


Eu xa vou notando algo de maniotas. E ti como vas?

Desta vez os **RETOS** localízanse en tres puntos diferentes:

-Na contorna da capela de Penasillás.

-Xa na provincia de Pontevedra, debaixo dos muíños de vento do Monte Cabeza e na igrexa e pazo de Camba.

-E remataremos na vila de Rodeiro, ao carón do río e na casa do concello.



## → PENASILLÁS-O FARO

Nesta etapa ascenderemos ata os 1.100 metros de altura no alto do Monte Faro. Alí ergueuse unha ermida, cuxa romería se celebra todos os anos o 7 de setembro.



O lugar de **PENASILLÁS** atópase aos pés do Monte Faro. Componse dun conxunto de vivendas graníticas organizadas ao redor a unha praza principal. Alí aséntase unha pequena **CAPELA** dedicada a san Antón, xunto con varios elementos etnográficos de interese: petos, hórreos, palleiras, fornos e alpendres.



Fíxate ben na primeira casa que atopas á dereita. Presenta restos dunha antiga construción **ETNOGRÁFICA**. De que construción se trata? Coñeces o nome da parte que se conserva?



Hai dous **PETOS DE ANIMAS** en torno á praza.

Un deles cumpre a función de fito ou marco administrativo. Separa as parroquias de Laxe (Sur) e de Mouricios (Norte). Así, as casas dun lado e doutro da praza dispóñense en freguesías diferentes!



Un dos petos de ánimas conserva unha lousa gravada con varios personaxes. Atopa entre eles a figura de San Miguel dando morte ao demo. Lembra! o **DEMO** pode ter diferentes formas: dragón, serpe etc. Con cantas rochas diferentes se fixo este peto?



Ascendendo cara o Faro, en **CHAO DE SEIXAS**, ao carón da área recreativa, aséntase un conxunto formado por dúas **MAMOAS**. Son enterramentos da época neolítica, en cuxo interior se dispoñía unha cámara ou dólmen, onde se depositaba o cadáver.

## → O FARO-CAMBA

O Monte Faro forma parte dunha gran serra que separa as provincias de Lugo (Este) e Pontevedra (Oeste). Así, na metade da nosa etapa, mudamos de provincia. Este espazo forma parte da Rede Natura 2000.



No MONTE CABEZA, ao carón da pista e por baixo dos muíños de vento, sitúanse máis mámoas. Son os vultos regulares duns 10 metros de diámetro.

Os enterramentos tamén son chamados MEGALITOS polas súas dimensións: "mega" (grande)/"lithicum" (lítico, pedra).



Fíxate ben na marxe dereita do camiño e identifica cantas mámoas hai no Monte Cabeza.

Como ves a súa conservación?



En CAMBA agárdannos varias sorpresas. Unha delas é a Casa FORTALEZA, orixinaria do século IX, pero destruída parcialmente no século XV. Na actualidade, posúe engadidos e reformas realizados para transformala nun pazo.

A torre está chea de marcas de canteiro. Cada traballador tiña unha inscrición propia que gravaba en cada pedra.



Achégate á torre e localiza as marcas de canteiro.

Ao seu carón atópase a IGREXA parroquial con nave de estilo románico. Un pasadizo une o dito templo co pazo para o uso exclusivo dos seus propietarios.



Busca no adro da igrexa a TUMBA de Camba, o PASADIZO e un RELOXO DE SOL.



Continuamos polo camiño dirección Ermide ata chegar a un cruzamento. Alí dispónse o MARCO DO PERDON, asociado á prisión que existía na casa de Camba.

## → RODEIRO

Chegamos á capital do concello da terra de Camba, a vila dos cambotes. O municipio é atravesado por dous antigos camiños reais que cruzan de norte a sur o territorio.



A actual casa do concello foi unha **CASA-FORTE** medieval, dotada de foso e muralla. Contaba con dúas torres, unha propiedade da Casa de Camba e a outra do Arcebispo de Santiago. A construción primitiva foi destruída no século XV durante as Revoltas Irmandiñas (revoltas populares contra a nobreza da época, na que se derrubaron a maioría das torres de Galicia).



Na contorna da casa do concello atopamos un cruceiro e dúas pezas dun antigo **LAGAR** (elemento para prensar froitos como a uva ou a mazá).

Identifica as seguintes imaxes e busca os ditos elementos.



O río Rodeiro atravesa o lugar, ao seu carón dispónse un **MUÍÑO** rehabilitado.

A construción mantén a canle pola que a auga se introducía no pozo, dotado dunha gran pendente para que esta collese máis forza á hora de mover a **RODA** ou **RODICIO**.



Continúa explorando a marxe do río Rodeiro. Recoñece as seguintes árbores: **SALGUEIRO, AMIEIRO e NOGUEIRA.**



## ETAPA 7 (26,8 km)

### Rodeiro - ALaxe (Lalín)



A miña curiosidade non ten límites, exploro todos os lugares coma se fose o primeiro día. Colleremos folgos en Lalín onde, ademais de monumentos, teñen o seu famoso cocido! Veña, que xa queda menos!

Continuamos cos  
**DESAFIOS** nas  
seguintes paradas:

-Na igrexa e ponte de  
Pedroso.

-No barrio de Lalín de  
Arriba, ou Vello, na igrexa  
de San Martiño.

-Nas prazas da Igrexa e da  
Torre do centro de Lalín.



## → PEDROSO

Pedroso é terra de canteiros, un oficio tradicional fortemente arraigado ao lugar. O seu topónimo sinala que a zona é pedregosa, que está chea de pedras. De feito, estas son de moi boa calidade, o que impulsou a creación de varias canteiras na contorna.



A igrexa de San Xiao de Pedroso é un templo románico do século XII. A espadana foi engadida na época moderna.



O templo é moi sinxelo. Aínda así, se o rodeas descubrirás algunha peza ricamente decorada, como é o caso dalgún **CANZORRO** (elemento que sustenta a cornixa). Aquí tes que localizar o canzorro decorado con cinco rolos (cilindros).



Tras deixar atrás a igrexa observarás unha das **CANTEIRAS** que seguen en activo na zona.

O granito é a rocha característica da provincia de Pontevedra. Atrás deixamos a provincia de Lugo onde proliferaban áreas de lousa (leste) e xisto (oeste).



Antes de atravesar a ponte explora os penedos da súa contorna. Nun deles atoparás unha peza traballada. De que elemento se trata?



O río Arnego baña o lugar. Nace a 800 metros de altura, na serra do Faro. No noso traxecto cruzarémolo a través dunha **PONTE** medieval. Esta conta cun único arco realizado en granito. Os **PETRIS** (muros de pedra situados nos laterais) foron engadidos posteriormente.



A ponte conta con diversas **MARCAS DE CANTEIRO**. Buscaas! Tamén hai varios muíños ao seu carón. Cantos identificas?





# LALÍN DE ARRIBA

Lalín é a vila referente e con maior poboación da Galicia central. Aquí o Camiño de Inverno únese nun mesmo trazado cara Compostela ao Camiño do Sueste, unha prolongación da Vía da Prata.



A igrexa de San Martiño de Lalín é a única construción que se conserva dun antigo mosteiro.

O dito mosteiro fundouse no século X polo bispo de Mondoñedo. Catro séculos máis tarde pecha as súas portas.

A igrexa actual é de estilo románico. Ata o ano 1890 foi parroquia.



Unha placa de mármore pegada á igrexa indica o ano exacto da súa fundación. Cal é?



Ao longo do noso percorrido fomos identificando numerosas pegadas nas construcións medievais realizadas polos canteiros.

A maioría deles eran ANÓNIMOS, por iso o estudo das súas marcas é importante.

A través delas coñecemos as rutas que facían ou o grao de experiencia.



Na igrexa de San Martiño non te aburrirás! Conta con moitas marcas de canteiro.

Cal é a que máis se repite? A que letra do noso alfabeto se asemella?



O ROMÁNICO é o estilo que máis se emprega na Idade Media en Galicia.

O termo "románico" foi creado polo historiador Charles de Gerville en 1818.

Denominouno así pola súa semellanza co estilo romano antigo.



Agora xa es expert@ en arte!

Mira con atención as bases das columnas. Que figuras decoran os ditos elementos?

## → LALÍN CENTRO

Lalín é a capital da comarca. É moi probable que o seu topónimo veña da palabra "Lalino", asociado a un colono do Conde de Deza que gobernaba estas terras.



Na Praza da Igrexa atoparemos un **TEMPLO** con formas e decoracións semellantes ás románicas. Pero ollo! Esta construción iniciouse en 1903 polo arquitecto Nemesio Cobreros. O estilo é **NEORROMANICO** ("neo" novo ou recente/ "románico"), é unha libre reinterpretación do románico.



Percorre o exterior da igrexa. Que elementos desta che recordan á de San Martiño?



Na mesma praza erixiuse unha escultura dedicada ao **ASTRONOMO** (persoa que estuda os astros), nado en Lalín, Ramón María Aller Ulloa.

A súa paixón polas estrelas comeza cun agasallo da súa avoa: uns **ANTEOLLOS** de 67 milímetros.

Co tempo convértese nun gran científico de sona mundial.

De feito, un pequeno cráter da lúa bautizouse co seu nome!



Escolle unha noite estrelada e olla o ceo. Que constelacións recoñeces? E cantas cres que existen? Os astrónomos agrúpanas en dúas zonas chamadas hemisferios. Sabes cales son?



No lugar da Praza da **TORRE** xorde o primeiro núcleo de Lalín.

A súa orixe débese a unha torre-fortaleza que se construíu na Idade Media. A capela da torre foi a primeira igrexa de Lalín que, co aumento da poboación, se queda pequena e é substituída pola actual.

Aquí érguese o monumento ao aviador Joaquín Loriga, fillo predilecto da vila.

# ETAPA 8 (33,3 km)

## ALaxe (Lalín) - Outeiro



De novo mudaremos de provincia á altura do concello de Vedra. O Camiño de Inverno é o único itinerario oficial que pasa polas catro provincias galegas.

Ademais, en Lalín únense ao Camiño da Prata ata chegar a Santiago, xuntando dous camiños diferentes nun mesmo traxecto.


E, por suposto, teño máis **RETOS** para ti, fai parada:

-Na ponte medieval e na igrexa de Taboada, en Silleda.

-Na igrexa de Dornelas e nos seus arredores.

-Na praza e campo da festa de Ponte Ulla.

-E, na capela e fonte de Santiaguíño en Outeiro.



## → TABOADA

O río Deza é o delimitador xeográfico entre os concellos de Lalín e Silleda. A medida que avances polo camiño observarás varias pontes, incluída a do tren, construídas en épocas diferentes.



Ponte Taboada é a ponte máis antiga do lugar. Os seus **PIARES** aséntanse sobre dous penedos graníticos. O mesmo material emprégase na estrutura. Esta ponte semella substituír a unha anterior realizada en madeira. De feito, o topónimo Taboada, en latín "tabulata", refírese a unha táboa de madeira.



A ponte tivo moito tránsito de persoas e carros. Estes últimos deixaron fonda pegada no pavimento. Busca e identifica as **RODEIRAS** (pegadas do carro). Tamén hai canles para evacuar a auga e evitar anegacións. Atopáchelas?



Do outro lado do río hai unha inscrición conmemorativa sobre a edificación da ponte. Nela aparece unha data en números romanos "ERA DCCCCL". Saberías calcular a data sumando as letras? (Pista: D (cincocentos), C (cen) e L (cincuenta)).



A freguesía de Taboada conta cunha igrexa románica, con cabeceira e espadana moderna. O elemento máis característico é o **TÍMPANO** (peza situada no interior do arco da portada). Aquí aparece representado Sansón, un persoeiro do Antigo Testamento, cuxa forza residía no seu longo cabelo. Entre as súas fazañas destaca a que se representa nesta porta, onde mata un león coas mans rompéndolle a mandíbula.



No medievo era frecuente que os artistas retratasen os animais sen coñecelos, por iso non sempre se asemellaban á realidade. A que animal che recorda a figura do tímpano?

## → DORNELAS

A freguesía de Dornelas é coñecida pola xoia románica que atesoura: a súa igrexa. Ao seu carón eríxese a REITORAL (casa do cura) cunha magnífica cheminea.



Dornelas foi propiedade da catedral compostelá. O templo realizouse no século XII e mostra varias particularidades daquel momento, como os dous **ARCOS** estreitos e cegos (sen saída), situados aos lados da portada principal.



En Dornelas hai un motivo decorativo orixinario da catedral de Jaca, en Aragón. Chámase xaqueado (de "Xaca") ou **AXADREZADO**, pola súa semellanza cun taboleiro de xadrez. Es quen de atopalo? Convidote a que percorras o templo na súa procura.




Achégate á cabeceira. As súas **COLUMNAS** decóranse con follas, entre as que xorde un paxaro.



Tamén mostran unha peculiaridade nas bases. Ollaas con atención. Saberías dicirme cal é?



Na contorna hai varios elementos etnográficos: un **POMBAL** e un **HORREO**. O pombal conserva o beiril onde se pousaban as pombas. O hórreo é de madeira cos pés de pedra, modelo típico do interior.



Xaquín Lorenzo, o "Xocas" naceu en Ourense a principios do século XX. Dedicou tempo e esforzo ao estudo do patrimonio etnográfico galego. Convértete no Xocas e identifica unha peza moi importante do hórreo: O **TORNARRATOS**. Para que cres que serve?

## → PONTE ULLA

Atópaste en Ponte Ulla, concello de Vedra, na provincia da Coruña. No centro da vila sitúase a igrexa da Madalena, de orixe medieval, aínda que alterada por engadidos posteriores.



O río Ulla nace na comarca da Ulloa, da que toma o nome, e desemboca no mar, na ría de Arousa.

Os seus principais afluentes son o Arnego e o Deza, polos cales xa cruzamos ao longo do noso camiño por terras pontevedresas.



O río atravesa o concello de Vedra de norte a sur, para salvalo foi necesario construír varias pontes.

Quizais, a máis senlleira é a de Gundián, un altísimo paso ferroviario da segunda metade do século XVIII.



Tras deixar atrás a ponte e a igrexa da Madalena chegarás ao campo da festa. Explora a contorna e localiza dúas construcións etnográficas relacionadas coa auga. Cales son? Cres que hoxe están en uso?



Nunha beira da praza ergueuse un CRUCEIRO. Os cruceiros, ao igual que os petos de ánimas, sitúanse en encucilladas, á beira dos camiños ou nos ADROS das igrexas.

A cruz coroa unha columna sobre unha base formada por varios chanzos.

Nela esculpíronse dúas figuras: Cristo crucificado e a Piedade (a Virxe co seu fillo morto en brazos).



Este cruceiro en cuestión ten algún detalle que merece destacar.

Na base da columna hai unha inscrición con toda a información sobre a súa construción. Atrévete a descrifrala! Que data ves gravada?

## → OUTEIRO

O lugar de Outeiro pertence á freguesía de San Pedro de Vilanova. Localízase a tan só 16 quilómetros de Santiago, aos pés do monte Pico Sacro. Aquí erixese a capela de Santiago e a fonte do Santiaguíño.



Na contorna desta capela festéxase a romería do Santiaguíño. Como a súa advocación (título do templo) indica, a figura do APOSTOLO Santiago está moi vencellada ao lugar. A súa CAPELA foi construída no ano 1676, conta dunha única nave de planta rectangular.



Mira a inscrición sobre a porta da capela. Localiza un gravado coa sepultura do Apóstolo. Este denomínase ARCA MARMARICA por estar feito de mármore. (Pista: está coroada por unha estrela).



A fonte de estilo barroco decórase coas figuras de Santiago e os seus discípulos Teodoro e Anastasio. Eles ocupáronse do traslado do corpo do apóstol de Xerusalén a Galicia.

Nesta fonte unha inscrición relata a lenda da RAINA LUPA, a quen os discípulos do Apóstolo pediron un carro e uns bois para transportar o santo. Para desfacerse deles, a raíña, que era atea, mandounos ao Pico Sacro, onde serían atacados por un dragón e uns bois.

Antes de morrer ante o dragón, os discípulos atemorizados fixeron o sinal da cruz. Este feito provocou a morte da besta e amansou aos bois. Abraída ante este suceso, Lupa converteuse ao Cristianismo.



Que elemento en común portan as tres figuras da fonte?

# ETAPA 9 (16 km)

## Outeiro - Santiago

Outeiro

Santiago



Sar



Hoxe rematamos a nosa ruta polo Camiño de Inverno. Xuntos percorremos lugares únicos e sorprendentes de Galicia, pero aínda hai máis, quedanos por descubrir a cidade de Santiago. A merecida meta agárdanos na catedral!

As **PROBAS** finais localízanse na cidade de Santiago:

-Na colexiata de Santa María a Real do Sar.

-E na zona vella de Santiago, na porta de Mazarelos e na praza de Praterías.





# → SAR

A freguesía de Sar pertence ao concello de Santiago. Localízase ao carón do río Sar, a quen, Rosalía de Castro lle dedica o libro "En las orillas del Sar", escrito en castelán.

**i** A **COLEXIATA** de Santa María a Real do Sar é un conxunto froito de varias épocas construtivas.

O primeiro edificio fíxose no século XII en estilo **ROMANICO**, nun lugar que se anega na época de chuvias, a consecuencia das crecidas do río. Este feito, influíu na súa construción e nas reformas posteriores.


Foi un **CONVENTO** da Orde de San Agostiño que, no século XVI se converte en colexiata. Hoxe é unha parroquia dependente de Santiago que conta cun museo no seu interior.



**⚡** Sen dúbida, chaman a nosa atención os grosos arcos colocados nos extremos, denominados **ARCOBOTANTES**. Fixéronse ao longo dos séculos XVII e XVIII para soste o templo orixinal. Cantos arcobotantes contaches? E de que material están feitos?

**i** No muro sur da igrexa hai un **CLAUSTRO**. Trátase dun patio interior en torno ao cal se organizan as demais salas do convento. Nestes espazos tamén se realizan as procesións e soterran ás persoas importantes.

**⚡** Achégate á parte leste do templo, ao elemento chamado **CABECEIRA**. Esta é moito máis grande que as outras que vimos ao longo do camiño. Isto débese á importancia da colexiata. Aínda que, en realidade, aquí non só hai unha única cabeceira. Cantas contas? E cantos tamaños diferentes teñen?



## → SANTIAGO

Tras ascender dende Sar chegamos á zona vella de Santiago. O límite coa parte "nova" da cidade está marcado pola antiga muralla que rodeaba á vila en época medieval.



A muralla tiña sete portas das cales hoxe só se conserva a de MAZARELOS. Con todo, esta non é a orixinal medieval, pois foi substituída por unha de estilo barroco.



Ao carón da porta hai un torreón defensivo que formaba parte da antiga muralla.  
Localízao!



Chegamos á CATEDRAL pola praza de PRATERÍAS, cuxo nome se debe aos numerosos obradoiros de prata que aquí se situaban. Hoxe aínda se conservan varias tendas onde podemos adquirir xoias feitas con este prezado metal.

A fachada de Praterías fíxose a principios do século XII. Nela atópanse pezas románicas orixinais e outras procedentes da portada norte. A porta incendiouse dúas veces ao longo dos séculos XII e XV.



Busca na fachada a un dos seus personaxes máis característicos: o rei David tocando un instrumento de corda cun arco.  
(Pista: a figura é alongada e está tallada nunha única peza de gran tamaño).  
Que instrumento cres que toca?



No medio da praza está a fonte dos cabalos, pero son realmente cabalos?  
E que obxecto, xa visto na etapa 8, recoñeces nesta fonte?

Unha vez alcanzada a nosa meta, chega o momento da **DESPEDIDA**. Pero non estou triste, pois agardo verte de novo noutro percorrido cheo de retos.

Fixeches un bo traballo, sen dúbida ben mereces o título de **EXPERT@** do Camiño.

Gustoume moito explorar e descubrir xunto a ti tantos lugares increíbles.

Ata pronto **AMIG@!**



# SOLUCIÓNS DOS RETOS

## ETAPA 1

### PRIARANZA.

Reto 1. As ventás e o embelecedor atópanse a ambos lados da Calle Real, pasada a fonte. Mentres, o gancho está ao final da vila á esquerda.

Reto 2. Podes observar o adobe no arco da vivenda número 27. O seixo está máis adiante, nun muro á dereita.

### CORNATEL.

Reto 1. O traxe é de cor branca./ O seu símbolo unha cruz vermella.

Reto 2. Atoparás un portelo á túa dereita, ao deixar atrás a torre da homenaxe.

Reto 3. Os parladoiros están no interior da sala doméstica.

### LAS MÉDULAS

Reto 1. Todas as liñas horizontais que ves gravadas nas paredes da cova son froito da auga.

Reto 2. A maioría dos castiñeiros do sendeiro son centenarios.

## ETAPA 2

### SOBRADELO

Reto 1. Hai tres tipos de pedra: granito, lousa e pedra vermella.

Reto 2. Conta con catro tallamares.

Reto 3. Nos tellados e nos muros das casas.

### ÉNTOMA

Reto 1. A frecha e a cuncha.

Reto 2. Ano de 1815./ Cruz de oito puntas ou tamén chamada "de Malta".

### ARÚA

Reto 1. Está á dereita da porta lateral sur./ Santo Estevo sustenta un libro e varias pedras, estas últimas símbolo do seu martirio.

Reto 2. Hai tres columnas de granito con fustes monolíticos./ A flor e o rostro están nas dúas situadas no medio da fachada do soportal.

Reto 3. O primeiro escudo está na casa vermella da praza de César Conti. O segundo pasando a igrexa, na casa con arco número 12.

## ETAPA 3

### MONTEFURADO

Reto 1. Son cruces latinas, as máis comúns. Hai dúas, unha coroando cada unha das portas laterais da igrexa.

Reto 2. O reloxo de sol está no muro sur do templo.

## BENDILLÓ

Reto 1. Á esquerda do camiño podes ver varias oliveiras con follas estreitas e alongadas./ O decantador ten base circular, hai dous no exterior, ao carón do muíño.

Reto 2. Sobreiras, érbedos e cepas.

## OS NOVAIS

Reto 1. A ventá está no interior da torre da homenaxe, no piso superior á dereita.

Reto 2. A cruz está sobre a porta principal do palacio.

## O HOSPITAL

Reto 1. A capela dos neófitos semella a cabeceira da igrexa. Está no extremo leste.

Reto 2. As figuras repetidas son dúas./ Trátase dun león sobre ondas e dun can atado a un piñeiro.

# ETAPA 4

## SAN CLODIO

Reto 1. Sobre o arco, nunha moldura chamada "chambrana". Son motivos axadrezados.

Reto 2. O taboleiro pequeno ten 18 metros e o grande 78 metros.

## BARXA DE LOR

Reto 1. O pavimento da ponte está feito con seixos de río./ O tránsito organízase con estes mesmos seixos, xogando coa súa disposición en vertical ou horizontal. Así, dótase de beirarrúa e dous carrís.

Reto 2. A canle está por trás do muíño./ Conserva dous vanos na parte inferior, cada un correspóndese cunha roda.

## CEREIXA

Reto 1. Cando avances polo sendeiro fíxate en ambos os lados deste, verás un rebaixe artificial ao redor do castro, ese é o foso./ Podes ver restos das pedras da muralla en varios lugares da croa. Está xusto á beira da ladeira que descende cara o foso.

Reto 2. As tumbas teñen tamaños variados dependendo da talla e da idade do corpo que se soterraba./ Están revestidas de seixo e tapadas con lousa.

## MONFORTE

Reto 1. As inscricións están na casa da dereita, ao deixar atrás a capela de Río Seco.

Reto 2. A casa do Peso está na rúa Bailén número 4.

Reto 3. O vello cárcere está entre as rúas Santo Domingo e Zapaterías, ao carón da porta derrubada da muralla.

# ETAPA 5

## O REGUENGO-CAMIÑO GRANDE

Reto 1. En Virís collerás por un sendeiro que remata en Camiño Grande, todas as plantas están á beira deste camiño.

Reto 2. É a película exterior da folla, custa retirala porque é moi fina.

## DIOMONDI

Reto 1. Están nos capiteis da portada principal: dous centauros e un cuadrúpede (animal de catro patas) con cabeza de home.

Reto 2. O alquerque localízase entre dous canzorros, no muro sur da cabeceira.

Reto 3. O penedo do ouro é a única rocha de gran tamaño que verás á dereira do Camiño dos Cóbados.

## BELESAR

Reto 1. Os materiais localízanse na vivenda á esquerda do lavadoiro de Belesar.

Reto 2. Pasada a ponte, á esquerda, hai varios elementos de pedra que se corresponden co acceso á vella igrexa. A súa visión depende da altura do caudal do río.

## CHANTADA

Reto 1. A peza decorada cunha espiga está na ventá do muro norte da nave da igrexa, para vela entra no cemiterio./ Os grifóns están na cabeceira, nos capiteis das columnas. Hai un total de tres, dous deles comparten a mesma cabeza.

Reto 2. A primeira imaxe é unha inscrición localizada na fachada da igrexa vella, a segunda un escudo que se atopa enfrote do templo, na vivenda número 6. E, a última, é unha moldura que decora unha ventá da vivenda número 4 da praza do Cantón.

Reto 3. A casa de Lemos é a actual casa da cultura. T en un total de 15 soportes que rodean tres dos seus catro muros.

## ETAPA 6

### PENASILLÁS - OFARO

Reto 1. Trátase dun hórreo que conserva só a base ou pé.

Reto 2. San Miguel é a primeira figura á esquerda./ Empregáronse dúas pedras diferentes: granito para o peto e xisto na peza gravada.

### OFARO - CAMBA

Reto 1. Hai tres mámoas, todas moi alteradas polos traballos agrícolas e buratos feitos por saqueadores.

Reto 2. As marcas localízanse na construción máis antiga, a torre. Podes velas na fachada principal desta. Moitas teñen forma de "V".

Reto 3. A tumba está no adro da igrexa, pegada ao muro norte do templo. O pasadizo está tamén do mesmo lado que a tumba, de feito podes pasar por baixo del. E, finalmente, o reloxo de sol está no muro oposto da igrexa, no sur.

### RODEIRO

Reto 1. Trátase dun cruceiro e unha peza dun lagar. Ambos están na praza do concello a man esquerda.

Reto 2. O salgueiro e o amieiro están nas marxes do río, ao carón do muíño. Pero para localizar a nogueira tes que subir á estrada principal e, dende ela, mira cara o río.

## ETAPA 7

### PEDROSO

Reto 1. O canzorro está baixo a cornixa, no muro sur da igrexa.

Reto 2. Xusto antes de cruzar a ponte, nun penedo á esquerda do camiño atópase a cruz dun cruceiro.

Reto 3. As marcas están no petril da ponte e no arco. / Hai dous muíños por baixo da ponte, un a cada lado do río.

### LALÍN DE ARRIBA

Reto 1. A data é 980.

Reto 2. A marca que máis se repite ten forma de "m" minúscula.

Reto 3. As bases decóranse con flores e entrelazos.

### LALÍN CENTRO

Reto 1. Os arcos de medio punto e as columnas con capiteis decorados con vexetais.

Reto 2. Actualmente recoñécense 88 constelacións. / Hai dous hemisferios: o norte e o sur.

## ETAPA 8

### TABOADA

Reto 1. As rodeiras aprécianse no pavimento de toda a ponte. / Verás unha canle á dereita antes de cruzar a ponte.

Reto 2. Era 950.

Reto 3. A figura semella un cabalo. Pensa que naquela época poucos canteiros de Galicia saberían o que era un león.

### DORNELAS

Reto 1. Atoparás o axadrezado nas portas principal e lateral do templo.

Reto 2. As bases varían de forma curva a rectangular.

Reto 3. Como a propia palabra indica, evita que os ratos suban ao hórreo.

### PONTE ULLA

Reto 1. Son un lavadoiro e unha fonte.

Reto 2. Ano 1698.

### OUTEIRO

Reto 1. O gravado atópase na fachada da capela, é a figura central da inscrición.

Reto 3. Un libro.

## ETAPA 9

### SAR

Reto 1. Ten seis arcobotantes. / Granito.

Reto 2. Conta con tres cabeceiras, a central a dúas laterais. / Mostran dous tamaños diferentes.

## SANTIAGO

Reto 1. O torreón está á esquerda da porta.

Reto 2. O rei David está no contraforte lateral á esquerda da portada esquerda. / O instrumento é semellante a unha viola ou rabel, ambos de corda e tocados cun arco.

Reto 3. Son hipocampos, cabalos de mar. A metade do seu corpo correspóndese cun cabalo e a outra cun peixe. / É a arca de mármore onde se depositou o corpo do apóstolo Santiago.



# GLOSARIO

**ÁBSIDA:** parte do templo onde se sitúa o altar.

**ADOBE:** bloque compacto de arxila secada ao sol, ás veces mesturada con palla, que se emprega na construción.

**ADRO:** terreo ao redor da igrexa.

**ALMA:** parte espiritual do ser humano.

**ALMEA:** prisma que coroa unha muralla para resgardar aos defensores.

**ALQUERQUE:** taboleiro de xogo.

**ANÓNIM@:** autor ou autora de nome descoñecido.

**ANTEOLLOS:** instrumento óptico composto por dúas lentes situadas nos extremos, que amplía as imaxes dos obxectos afastados.

**APÓSTOLO:** discípulo de Cristo.

**ARCAMARMÁRICA:** caixón de mármore onde estaría soterrado o apóstolo Santiago.

**ARCO:** construción con forma curva.

**ARCOBOTANTE:** arco de descarga a modo de contraforte.

**ASTRÓNOM@:** persoa que estuda os astros.

**AURÍFERO:** que leva ou contén ouro.

**AUTÓCTONO:** que ten a súa orixe no lugar onde vive.

**AXADREZADO:** moldura que semella un taboleiro de xadrez.

**BÓVEDA:** cuberta con sección curva.

**CABECEIRA:** parte do templo onde se sitúa o altar.

**CANLE:** suco para conducir a auga.

**CANTEIRA:** lugar de onde se extrae pedra.

**CANTEIRO:** persoa que traballa a pedra.

**CANZORRO:** pedra que sobresa, ás veces decorada, para soste unha cornixa ou balcón.

**CAPELA:** igrexa de pequeno tamaño.

**CAPITEL:** parte superior da columna.

**CASTELUM:** campamento militar fortificado.

**CASTIÑEIRO:** árbore de gran tamaño da familia das fagáceas.

**CASTRO:** poboado fortificado.

**CATEDRAL:** igrexa principal dirixida por un bispo ou arcebispo.

**CLAUSTRO:** galería con columnas do patio interior dun mosteiro ou igrexa.

**COLEXIATA:** igrexa que celebra os oficios como nas catedrais.

**COLUMNA:** elemento de forma cilíndrica composto por base, fuste e capitel.

**CROA:** parte alta e central dun castro.

**CRUCEIRO:** cruz de pedra, lisa ou esculpida.

**CRUZ LATINA:** cruz atravesada no primeiro cuarto do pau.

**CRUZ GREGA:** cruz de brazos iguais.

**CRUZ DE MALTA:** cruz de oito puntas.

**CRUZ FLORDELISADA:** cruz que remata os seus brazos en flor de lis.

**DEFENSIVO:** que serve para defender.

**ENTRAMADO,** técnica: trátase de ramas entrelazadas que logo se cobren con terra ou barro.

**ESCUDO DE ARMAS:** elemento en forma de escudo, onde se representa o nome familiar mediante unha ou varias figuras.

**ESPADANA:** campanario dunha soa parede.

**ESPIGA:** froito alongado cos grans disposto ao redor do punto central.

**ESQUELETO:** ósos que sosteñen o corpo.

**ERA:** período de tempo.

**ETNOGRAFÍA:** ciencia que estuda os grupos humanos e os seus caracteres culturais.

**FACHADA:** cara exterior e principal do edificio.

**FANTÁSTICO:** que non existe.

**FAUNA:** conxunto de animais.

**FENTO:** planta de follas longas carente de flores.

**FOSO:** escavación longa na terra.

**FORTALEZA:** construción fortificada.

**GNOMON:** guía do reloxo de sol.

**HELMO:** armadura para protexer a cabeza.

**HÓRREO:** construción feita para gardar millo e outros produtos agrícolas.

**IGREXA:** edificio destinado ao culto da relixión cristiá.

**INSCRICIÓN:** escrito gravado sobre unha pedra, un metal etc.

**LAGAR:** lugar preparado para prensar certos froitos, como uvas, mazás ou olivas.

**LENDAS:** relato tradicional de feitos fantásticos, que pode ter fondo histórico.

**LIQUE:** organismo vivo composto pola asociación dunha alga e un fungo.

**LOUSA:** rocha de cor gris ou negra que rompe en láminas.

**MÁMOA:** tumba megalítica composta por unha cámara (dolmen) tapada con terra e pedra.

**MANIOTAS:** dor causada polo exercicio físico, pasada a realización deste.

**MARCADE CANTEIRO:** trazo deixado por un canteiro nunha pedra traballada.

**MEGALITO:** monumento prehistórico de gran tamaño.

**MOSTEIRO:** residencia de monxes ou monxas.

**MUÍÑO:** edificio onde se instala un aparello de moer.

**MUSGO:** planta que nace nos lugares nos que hai humidade, como as pedras e as cascas das árbores.

**MURALLA:** muro alto e grosso.

**NEÓFIT@:** persoa que recentemente se adheriu a unha orde relixiosa.

**NEORROMÁNICO:** estilo arquitectónico do século XIX que se caracteriza polo retorno ás formas románicas.

**GRIFÓN:** animal fantástico con corpo de león e cabeza e ás de aguiá.

**ORDE DE SAN XOÁN de Xerusalén:** orde fundada a principios do século XI con fins benéficos que se converte en militar. A cruz de malta é o seu símbolo.

**PALACIO:** edificio grande no que reside unha persoa nobre ou importante.

**PARLADOIROS:** asentos de pedra situados aos dous lados dunha ventá.

**PASADIZO:** paso estreito que serve para ir dunha construción a outra.

**PASEO DE RONDA:** corredor que rodea interiormente todo o perímetro dunha muralla.

**PAZO:** edificio grande no que reside unha persoa nobre ou importante.

**PETODE ÁNIMAS:** caixa na que se recollen as esmolas nas igrexas ou noutros lugares.

**PETRIL:** muro que se coloca nas pontes e noutros lugares para evitar caídas.

**PIADE MOER:** pedra circular con canles, que leva outra roda no interior, que xira grazas á forza dun burro ou mula.

**PIAR:** elemento de pedra ou de ladrillo, que serve de soporte a outros elementos ou estruturas.

**PLACA FUNERARIA:** inscrición conmemorativa a un defunto.

**PONTE:** construción que une as ladeiras dun río, foso etc.

**POMBAL:** lugar onde viven as pombas domésticas.

**PORTELO:** paso estreito nun valado composto por unha fiada de chanzos de pedra encaixados no propio muro. A palabra é típica do sur de Lugo.

**PREHISTORIA:** período da historia da humanidade anterior á escritura.

**PRESA:** muro feito nunha corrente de auga, que detén a auga para acumulala.

**REITORAL:** residencia do párroco.

**REGADÍO:** sistema para regar mediante canles que conducen a auga.

**RELOXO DE SOL:** instrumento que mide o paso do tempo a través da luz do sol.

**RODA:** peza circular do muíño, que xira ao recibir a auga e pon en movemento a moa.

**RODEIRA:** pegada que deixa unha roda no chan.

**RODICIO:** peza circular do muíño, que xira ao recibir a auga e pon en movemento a moa.

**ROMÁNICO:** estilo artístico europeo dos séculos XI, XII e parte do XIII caracterizado polo emprego do arco de medio punto e a bóveda de canón.

**RUINA MONTIUM:** sistema de explotación mineira que, mediante a canalización de regatos e ríos, crea embalses na parte alta da explotación para, coa forza da auga, desfacer a montaña.

**SEIXO:** pedra dura de pequeno tamaño, que a erosión tornou lisa e arredondada.

**SÍMBOLO:** elemento que representa unha cousa determinada.

**TALLAMAR:** construción en forma de quilla nos piares dunha ponte, que serve para cortar e repartir a corrente da auga aos lados.

**TEMPLARIO:** membro da orde relixiosa e militar do Temple, fundada a principios do século XII co fin de protexer o Santo Sepulcro e as peregrinacións a Xerusalén.

**TEMPLO:** edificio público destinado ao culto relixioso.

**TÍMPANO:** peza central con forma triangular ou semicircular disposta sobre unha porta ou edificación.

**TORNARRATOS:** pedra que se coloca sobre os pés do hórreo para evitar que os ratos poidan entrar nel.

**TORRE:** edificio alto e estreito de muros grosos.

**TORRE DA HOMENAXE:** estrutura central dun castelo medieval na que se concentran os dormitorios e as salas principais.

**TORREÓN:** torre grande.

**TRONEIRAS:** abertura na parede dunha fortificación, por onde se poden disparar os canóns sen expoñerse ao fogo inimigo.

**TUMBA:** lugar onde se deposita o morto.

**UNESCO:** é un organismo especializado das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura.

**VARCIA:** terreo chan e fértil situado nas marxes dun río, que se anega con frecuencia.

**VÍANOVA:** calzada romana co número XVIII no Itinerario de Antonino, unía as cidades de Bracara Augusta (actual Braga) e Asturica Augusta (Astorga).

**ZONA VELLA:** parte histórica dunha vila ou cidade.

# BIBLIOGRAFÍA EMPREGADA

- ÁLVAREZ MERAYO, I. A. e ÁLVAREZ NÚÑEZ, A. 2010: A minería aurífera romana nas bacías dos ríos Sil e Lor: precedentes, organización e sistemas de produción, Grupo Desenvolvemento Rural Río Lor, Bóveda.
- CARRÉ ALVARELLOS, L. 2004: Las leyendas tradicionales gallegas, Espasa, Madrid.
- COSTAS GOBERNA, F. J. 2009: As pedras e os xogos. A orixe dos taboleiros de xogo galegos, Instituto de Estudos Vigueses, Vigo.
- FORMOSO LAMAS, M. 1905: Apuntes para la Historia de Chantada, Marceliano Tararés Impresor, Madrid.
- GARCÍA, X. R. 1991: Guía das plantas con flores de Galicia, Xerais, Vigo.
- GÓMEZ MONTERO, A. 1990: Chantada. Corazón de Galicia, Editorial Everest e Editorial Evergráficas, A Coruña.
- GONZÁLEZ AGUIAR, B. 2014: "A presenza do mestre mateo no Sur da provincia de Lugo. O taller de Portomarín e os seus colaboradores", Asociación de amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, Guntín (Lugo).
- MÉNDEZ PÉREZ, J. 2018: "O Alcazar, Casa fuerte y Fortaleza de Chantada: una memoria esvaecida da que ninguén se lembra", en Alicerces. Revista de estudos sobre o Miño Medio, tomo IV, páxs. 193-205.
- MENÉNDEZ LORENZO, A. 2013: Guía del camino de Invierno a Santiago, Lugami, Lugo.
- NOVONEYRA, U. 2017: Os Eidos. O libro do Courel, Chan da Pólvora, Monforte de Lemos.
- PÉREZ FERNÁNDEZ, L. e PÉREZ MÉNDEZ, L. F. 1999: Historia de la casa-fortaleza de Camba, Deputación de Pontevedra, Pontevedra.
- PÉREZ GONZÁLEZ, J. M. (dir.) 2018: Enciclopedia del Románico de Galicia. Lugo. Volumes I, II e III, Santa María la Real, Centro de Estudos del Románico, Aguilar de Campoo.
- SOBRADO VÁZQUEZ, J. M., 2009: O trazado da vía romana Lucus Augusti-Aquis Querquennis na provincia de Lugo, Asociación de amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, Guntín (Lugo).

## PÁXINAS WEB

- <https://academia.gal/diccionario>
- <http://www.priaranzadelbierzo.org/>
- <http://www.patrimoniocastillayleon.com/es/las-medulas>
- <http://concellocarballedavaldeorras.com/>
- <https://concellodequiroyga.com/>
- <http://www.concelloribasdesil.es/>
- <http://www.concellodapobradobrollon.gal/>
- <http://sanlourenzo.net/>
- <http://www.monfortedelemos.es/>
- <http://www.jrcasan.com/MONFORTE/>
- <http://www.concellodechantada.org/>
- <https://www.rodeiro.gal/>
- <https://lalin.gal/>
- <https://silleda.es/>
- <https://www.concellodevedra.es/>
- <http://santiagodecompostela.gal/>

Obra realizada ao abeiro do Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021 da Xunta de Galicia



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia